

En Ourense a 4 de Novembro de 2019

Dona Julia de la Montaña Miguélez, Profesora Titular da Área de Nutrición e Bromatoloxía, do Departamento de Química Analítica e Alimentaria da Universidade de Vigo, informa:

Foi contactada pola concelleira de Educación do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para a asesoría técnica da valoración nutricional da oferta presentada para a prestación do servizo de catering dos comedores escolares para os centros de Educación Infantil e Primaria dependentes deste Concello durante o curso escolares 2019-20.

Atendendo a este compromiso emítase o presente informe complementario:

A oferta presentada por **ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SLU, CUMPRE** cos requisitos indicados nas

- **Cláusula IV do Prego de Prescricións Técnicas**

A. Xantares: A.1.Normas a seguir; A.2.Estrutura do menú; A.3. Rotación do menú; A.4 frecuencias

Indicar que no apartado A.1: na oferta alimentaria presentada, na composición dos xantares, non se especifica a utilización de sal iodada. Este erro se corrixe nas fichas técnicas onde si se indica o uso de dito ingrediente.

No apartado A.4 frecuencias: A oferta alimentaria se considera como mellorable, xa que:

- na semana 1ª y 4ª o numero de racións de pasta/arroz e de 1,5
- na semana 1ª e 3ª o numero de racións de legumes e de 1,75 e 1,5 respectivamente.

Sendo o numero de racións por semana recomendada en ambos casos,
inferior as 2 racións/semana

Almorzos: B.1.Estructura e B.2.Frecuencia.

- **Cláusula VI do Prego de Prescricións Técnicas**

6.1 Xantares e almorzos.

- **Cláusula VII do Prego de Prescricións Técnicas**

Menús especiais de réxime (xantares e almorzos).

Analizouse e valorouse a oferta presentada por esta empresa en base aos criterios
recollidos no apartado 9. A do Prego de Cláusulas Administrativas.

Criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor

Valorouse cun máximo de 29 puntos (7.5 no caso de almorzo e 21.5 no caso do
xantar).

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SLU	A.1) Almorzos	A.1) Xantar				Puntuación TOTAL
	nº menús	nº menús	Rotación alimentos /grupo	nº receitas	Procesos culinarios	
Puntuación	7.5	8	5	2.5	6	29

A empresa **ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SLU**, acada a seguinte
puntuación total: 29

O que asino en Ourense a 4 de Novembro do 2019

Dra. Julia de la Montaña Miguélez

Universidade de Vigo

Área de Nutrición
e Bromatoloxía